

## CGT contra a mafia empresarial de Mercadona

A CGT de Pontevedra convoca, para este mércores, día **6 de novembro**, ás **18:00h**, unha **concentración** diante do **Mercadona** da Avenida de Vigo O motivo da concentración e a protesta polas prácticas antiobreiras desta empresa e o despedimento, en Málaga, de Fran, o Secretario da Sección Sindical da CGT recién constituída. Reproducimos o texto que a CGT de Pontevedra repartirá ante as portas de Mercadona este día.

### PRÁCTICAS MAFIOSAS EN MERCADONA

A primeiros do mes de outubro, a empresa Mercadona abriulle un expediente disciplinario ao compañeiro Fran, que se atreveu a organizar a Sección Sindical da CGT en Mercadona de Málaga. A súa intención era clara: desfacerse dos traballadores máis incómodos e entre eles está Fran, que se negara, pouco antes do expediente, a aceptar cartos para que se esquecese da actividade sindical.

Efectivamente, o pasado día 10 de outubro, a empresa despediu ao compañeiro, que respondeu plantándose diante da empresa desde o luns, día 14, mentres a CGT de Málaga realiza concentracións diarias ante os supermercados.

A resposta da empresa é a típica do mundo gangsteril: ofrécelle a Fran unha importante cantidade de cartos e, por riba, diríxese a un cuñado do compañeiro, que tamén traballa na empresa, facéndolle ver que o seu posto de traballo depende do cese das protestas, intentando crear un clima hostil no ámbito familiar.

Estas prácticas, propias das mafias, no van quedar impunes e van provocar o incremento das actuacións sindicais da CGT cara Mercadona ante a falta de respecto aos dereitos básicos dos seus traballadores.

Por isto a CGT se concentra para proclamar que cada despedimento é unha agresión e ningunha agresión vai quedar sen a resposta solidaria correspondente.

**SOLIDARIEDADE COS TRABALLADORES E TRABALLADORAS QUE LOITAN!**

**SE NOS TOCAN A ÚN, TÓCANNOS A TODOS!**

**READMISIÓN INMEDIATA DE FRAN!**

Na CGT todas as decisións adóptanse na asemblea do sindicato, sen xefes nin burocracias; se declara libertaria e non autoritaria; federalista e non centralista; internacionalista, sen outra patria que a da clase traballadora e cuxo fin último e primeiro non é outro que a transformación da sociedade, para acabar coa inxustiza social, a discriminación económica e a explotación en calquera das súas formas.

Se compartes con nós estes plantexamentos sindicais e sociais, necesitamos do teu compromiso. Afíliate á CGT para loitar xuntos, libres e solidariamente, contra este réxime social, político e económico que nos rouba e empobrece. Chama ó teléfono 627 791 645 ou ben escribe a Pontevedra (aroba) [www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)

**CGT, O TEU SINDICATO!**